



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
D. Javier De Vicente Remesal
D. Antón Fernández Álvarez
D. Juan M. Suárez Creo
D. José M^a Da Rocha Álvarez
D. Julio Taboada Pérez
D^a Margarita Estévez Toranzo
D. Jesús Alfaya Fernández
D^a M^a Luisa Alonso Escontrela
D. J. Angel Álvarez Moreira
D. Enrique Barreiro Alonso
D. Manuel Angel Candelas Colodrón
D. Víctor Cardador González
D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
D. José Cidrás Pidre
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xosé Henrique Costas González
D. Guillermo De Oca Cancela
D. José Durany Castrillo
D. Luis Espada Recarey
D. Rubén Frieiro Barros
D. José Manuel García Vázquez
D. José M^a Gil Villanueva
D. Francesco Saverio Gugliotta Bastos
D. Juan Janeiro Vilaboa
D. Alfonso Luis López Otero
D^a M^a del Pilar López Vidal
D. Víctor M. Martínez Cacharrón
D. Pedro Membiela Iglesia
D. Carlos Mollinedo Lois
D. Xosé Luis Outes Ruso
D. Juan Pérez de Obanos Herrero
D. Manuel J. Reigosa Roger
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D^a Antía Rodríguez Nieves
D. Carlos Román Lago
D. Antonio Rotea Villanueva
D^a Elena Sánchez Trigo
D. Eduardo Soto García
D. Juan Carlos Surís Regueiro
D. Federico Vilas Martín
D. Cándido Pérez Betanzos (CIG)

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, do vintetrés de outubro de mil novecentos noventa e oito, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O venres, **día 23 de outubro de 1998**, ás 10.00 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar-los seguintes puntos da orde do día:

- 1^o.- Aprobación, se procede, de Actas de sesións anteriores (06.10.98 -ordinaria, de mañá- e 06.10. 98 -extraordinaria, de tarde).
- 2^o.- Informe do Rector.
- 3^o.- Asuntos do Vicerrectorado de Profesorado: Prazas BOE, Transformacións, Profesores visitantes, Convocatoria de Visitantes de investigación e Profesores PP1.
- 4^o.- Aprobación, se procede, de Normativa de cambios de quenda da Universidade de Vigo.
- 5^o.- Aprobación, se procede, proxecto de presuposto de 1998.
- 6^o.- Aprobación, se procede, de Regulamento de Xestión patrimonial.
- 7^o.- Aprobación se procede, de modificacións puntuais na RPT.
- 8^o.- Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: a) Acordo-marco co Instituto Nacional de Tecnoloxía Agropecuaria de Bos Aires (Arxentina); b) Acordo-marco coa Universidade Federal de Sao Carlos (Brasil); e c) Convenio de intercambio científico e académico coa Universidade de Matanzas "Camilo Cienfuegos" (Cuba).
- 9^o.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo e actúa coma Secretaria, a Xeral da Universidade, D^a Margarita Estévez Toranzo.

No **punto 1**, interveñen algúns membros da Xunta de Goberno.

O profesor Candelas Colodrón di que en "Rogos e preguntas" debe dicirse que os PODs sexan enviados ós Centros e non os Departamentos.

O Sr. Janeiro Vilaboa indica que a súa pregunta polos itinerarios da Facultade de Económicas era tamén un rogo, no sentido de que sexa enviada a resposta.

O profesor Corbacho Rosas pide que cando se di "*o profesor Corbacho explica o sentido da súa abstención*" se precise ademais "*en base a un cambio de sentido con respecto a ocasións anteriores na interpretación do termino de maioría absoluta*".

A profesora Alonso Escontrela indica que non figura entre os asistentes ás sesións de referencia cando si asistira.

Apróbanse as dúas actas por asentimento, co encargo á Secretaría Xeral que se revisen os detalles de composición das Comisións (ámbitos ou campus).

No **punto 2**, o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo informa sobre:

- a) A visita do Conselleiro de Obras Públicas e Ordenación do Territorio ó Campus de Vigo, indicando que a Cotop asumiu obras (viales, aparcamentos, axardinamento) a executar antes do ano 2000; anuncia que o Conselleiro visitará proximamente os outros Campus;
- b) A última reunión da CRUE;
- c) A seguinte reunión do Consello Galego de Universidades;
- d) A apertura dun rexistro auxiliar no Campus de Lagoas-Marcosende, na primeira semana de novembro;
- e) Responde a preguntas da anterior Xunta de Goberno: da detalles sobre a contratación dun profesor invitado na Facultade de Humanidades de Ourense e informa que dende que é Rector a ningún profesor lle foi denegado o quinquenio de docencia; así mesmo indica que o Vicerrector de Profesorado está preparando a resposta por escrito en relación cos itinerarios na Facultade de Económicas e que na Secretaría Xeral está a disposición dos membros da Xunta de Goberno a relación de asistentes a Santiago de Compostela con ocasión da visita do príncipe Felipe.

O profesor Outes Ruso pide que conste en acta o seu desexo de que lle sexa enviada por escrito a resposta ás seis preguntas que fixera na anterior Xunta de Goberno.

No **punto 3**, Asuntos do Vicerrectorado de Profesorado, apróbase por asentimento a saída a BOE das seguintes prazas:

H01	260	TIT-UN	Pontevedra	Tudela Sáenz de Pipaón, Fco. Javier
H01	185	TIT-EU	Pontevedra	- - -

Apróbase por asentimento a transformación das s transformacións de prazas:

H04	345	Bringas López, Ana M ^a	de PP2 a TIT-UN(I)
T02	535	Feijoo Lorenzo, A. Elías	de PP1 a TIT-UN(I)
T02	535	Fernández Otero, Antonio	de PP1 a TIT-UN(I)

Propónse a contratación dos seguintes Profesores visitantes:

X06	225	Fernández Martínez, Rosa, coa categoría de PP1, 6 h.
C07	640	Pérez Lamela, Concepción, coa categoría de TIT-UN

O profesor Rodríguez Berrocal pide que o caso do visitante proposto polo Departamento de "Economía Aplicada", tendo en conta, que non foi aprobado por unanimidade na Comisión de Docencia, debe explicarse. Indica que el mesmo votou en contra porque se apartaba dos criterios xerais.

O Vicerrector de Profesorado, D. Javier de Vicente Remesal di que tendo en conta a peculiaridade e complexidade da área enténdese que entra neses criterios xerais.

O profesor Outes Ruso pide que se explique que se entende por complexidade da área.

O profesor García Vázquez di que hai criterios para determina-la complexidade das áreas como por exemplo o seu tamaño e o ratio folgura por profesor.

O profesor Surís Regueiro pide coherencia ós membros da Xunta de Goberno entre o que se defende nas Xuntas de Facultade e o que se expón en Xunta de Goberno.

O profesor Candelas Colodrón di que o Vicerrector de Profesorado tería que explica-lo sentir dos debates da Comisión de Docencia e que non se aprrobe a praza.

Os profesores Rodríguez Berrocal e Alonso Escontrela din que debe posporse a decisión ata que a Comisión de Docencia defina o termino de complexidade.

Intervén o Sr. Álvarez Moreiro que solicita "*se faga chegar a tódolos departamento o rogo de que o POD oficial sexa igual ó POD real (naqueles departamentos que non o fagan) e polo tanto ningún departamento intente facer planificación estratexica e enxeñería do POD*".

Despois das intervencións sobre o tema dos Sr. Janeiro Vilaboa e dos profesores Vilas Martín, Membiela Iglesia, Corbacho Rosas, Cidrás Pidre e Durany Castrillo, o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo fai a seguinte proposta:

Proposta 1: Que se aprrobe a praza, que a Comisión de Docencia estudie o resto de casos puntuais semellantes e que se elabore unha normativa que aclare o término de complexidade das áreas.

A segunda é unha proposta dos profesores Rodríguez Berrocal e outros:

Proposta 2: Non aprobar a praza nesta Xunta de Goberno e encargar á Comisión de Docencia o que xa se indica na proposta 1.

O profesor Outes Ruso pide votación secreta.

Faise a votación co seguinte resultado:

-a favor da proposta 1...	21 votos
-a favor da proposta 2...	16 votos
-en branco...	2
-nulos...	1

Apróbase a contratación dos seguintes Profesores visitantes:

X06	225	Fernández Martínez, Rosa, coa categoría de PP1, 6 h.
C07	640	Pérez Lamela, Concepción, coa categoría de TIT-UN

No mesmo punto 3, o Vicerrector de Profesorado, D. Javier de Vicente Remesal informa sobre a situación dos profesores PP1: hai 8 profesores que non depositaron a súa tese de doutoramento e que, consonte o establecido nos Estatutos, terían rematada a súa relación coa Universidade.

Informa o Vicerrector que a Comisión de Docencia decidiu, por asentimento, propor para

estes profesores o seguinte:

- a) Rescisión dos seus contratos como PP1;
- b) Contratalos coa categoría de T2-TC cunha carga docente de 6 horas/semana ata o 30 de setembro de 1999, co fin de que terminen a súa tese e poidan pasar a PP2 ou a Titulares de Universidade interinos.

O profesor Rodríguez Berrocal indica que na Comisión de Docencia tamén se expuxo a posibilidade de que pasaran a bolseiros.

O Vicerrector de Profesorado recorda que cara á estabilidade e continuidade hai máis perigo na situación de bolseiros xa que só se garante a reincorporación se o Departamento así o acorda.

O Sr. Álvarez Moreira presenta outra proposta (anexo I) detallando un regulamento de concesión de bolsas.

O Sr. Janeiro Vilaboa indica que debe pedirse explicación ós Directores da tese das causas do atraso.

Despois das intervencións dos profesores Reigosa Roger, Corbacho Rosas e Membiela Iglesia sométese a aprobación a proposta da Comisión de Docencia completada con certas precisións suxeridas por Sr. Rector.

A proposta é a seguinte:

- a) contratación dos profesores PP1, que remataron o seu contrato, coa categoría de T2-TC coa dedicación de 6 horas/semana, ata o 30 de setembro de 1999;
- b) solicitude ó Departamento respectivo do estado da tese e do plan de traballo a seguir;
- c) o plan anterior pode incluí-la exención temporal de docencia (máximo 1 cuatrimestre) coa contratación dun profesor non consolidable como substituto, de se-lo caso; e
- d) solicitude do Departamento de transformación dos profesores implicados e resolución de cada caso na vindeira Xunta de Goberno.

Sométese a proposta a unha votación, que ten o seguinte resultado:

-a favor...	27 votos
-en contra...	4 votos
-abstencións...	8

Queda aprobada a proposta.

Sobre a "convocatoria de Visitantes de investigación" o Vicerrector de Profesorado, D. Javier de Vicente Remesal, explica que esta convocatoria fora presentada na última reunión da Comisión de Docencia, onde foi valorada positivamente aínda que considera que os detalles e prazos que figuran no texto están pouco debatidos e suxire que tamén a Comisión de Investigación pode aportar ideas neste tema.

O Sr. Janeiro Vilaboa considera que neste curso de "recortes" na contratación de profesorado, non é lóxica esta figura.

Os profesores Outes Ruso, Barreiro Alonso, Alonso Escontrela e Rodríguez Berrocal opinan

que esta convocatoria é apresurada.

Nesa liña tamén se manifestan os profesores Vilas Martín, Tojo Suárez, Reigosa Roger e Durany Castrillo, precisando ademais que a Comisión de Investigación debe xogar un papel fundamental neste tema.

O profesor Corbacho Rosas opina que esta convocatoria non debería chamarse "especial" xa que estaba prevista na programación plurianual que no seu día fora aprobada.

Nese sentido, o profesor Rodríguez Berrocal di que esta idea figuraba no escrito enviado ós Directores de Departamento para elabora-los PODs do curso 97/98.

Despois das intervencións o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo propón que se aprrobe esta convocatoria cunha cuantía de 20 millóns de pesetas e que a Comisión de Investigación elabore un documento que, despois de ser revisado pola Comisión de Docencia, sexa sometido a aprobación na vindeira Xunta de Goberno.

Faise a votación co seguinte resultado:

-a favor:	30 votos
-en contra:	0
-abstencións:	7

O Sr. Janeiro Vilaboa explica o sentido da súa abstención en coherencia co que xa manifestara no debate: "*abstéñome na votación relativa á convocatoria de Profesores visitantes de investigación porque considero que non se trata coa mesma deferencia a necesidade docente que a investigadora e este ano recortouse a contratación de profesorado estable para aforrar cartos, o que prexudica notablemente a calidade docente no primeiro e segundo ciclo*".

No **punto 4**, "Normativa de cambios de quenda", o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo explica que este punto figura na orde do día da Xunta en base ó establecido no artigo 10.3 do Regulamento de Réxime Interno da Xunta de Goberno. Tamén propón que este documento (anexo II) sexa enviado á COAV para que se elabore unha proposta.

Os profesores Reigosa Roger e Surís Regueiro opinan que a organización da docencia é competencia dos Centros e que sobre este particular debería informa-la Asesoría xurídica.

Os Sres. Janeiro Vilaboa e Álvarez Moreira indican que se o documento non se debate e pasa a ser debatido pola COAV, ten que someterse a aprobación na vindeira Xunta de Goberno.

Acórdase por asentimento que a COAV estudie este tema con urxencia e que elabore unha proposta para ser tratada na vindeira Xunta de Goberno.

No **punto 5**, "proxecto de presuposto de 1998" o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo explica que tendo en conta que o novo equipo rectoral tomou posesión a finais de xuño, que a Xunta de Goberno constituíuse a finais de xullo e que as novas Comisións delegadas non foron elixidas ata outubro, parece oportuno facer para este ano un presuposto prorrogado, elevalo a presuposto do ano 1998 e centrarse na elaboración do presuposto do ano 1999.

Di que se mantivo a mesma estrutura presupostaria así como a contía global. Unicamente se axustan as necesidades nos gastos de persoal para atender á nova convocatoria de persoal docente

e nos gastos protocolarios para cubrir-las débedas existentes e mante-la xestión institucional ata fin de ano.

Despois das intervencións dos profesores Pose Blanco e Corbacho Rosas e dos Sres. Pérez Betanzos e Alfaya Fernández, apróbase o presuposto por asentimento (anexo III).

O **punto 6**, "Regulamento de Xestión patrimonial" retírase a proposta da Comisión de Asuntos Económicos.

O Sr. Xerente, D. Julio Taboada Pérez indica no **punto 7**, que hai unha petición do Comité de Empresa sobre a RPT Laboral, de cambia-la denominación de "Encargado de Instalacións Deportivas" pola de "Auxiliar Técnico de Instalacións Deportivas (grupo IV)"; tamén de cambia-la quenda de tarde a mañá dunha das prazas de "Auxiliares Técnicos de Biblioteca (grupo IV)"; e que una praza de "Auxiliar de servizos" adscrita ata o momento de xubilación de quen a ocupaba ó grupo IV, pase o que lle corresponde, o V.

Apróbase a modificación da RPT Laboral.

No **punto 8**, apróbase por asentimento a sinatura de convenios:

- a) Acordo-marco co Instituto Nacional de Tecnoloxía Agropecuaria de Bos Aires (Arxentina);
- b) Acordo-marco coa Universidade Federal de Sao Carlos (Brasil); e
- c) Convenio de intercambio científico e académico coa Universidade de Matanzas "Camilo Cienfuegos" (Cuba).

No **punto 9**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

-D. **JOSÉ TOJO SUÁREZ**.- Pregunta quen é, para quen traballa e que tipo de contrato ten o persoal que está facendo preguntas na Facultade de Ciencias, sobre o uso de despachos, inventario, etc.

-D. **JUAN PÉREZ DE OBANOS HERRERO**.- Pregunta que tipo de persoal se vai utilizar para o mantemento de equipos nas aulas informáticas.

Sobre as convocatorias extraordinarias expón o seguinte "*o ano pasado, nos documentos de matrícula incluíase un punto conforme o cal, o alumno ó asina-lo seu documento de matrícula pedía automaticamente a 5ª, 6ª e 7ª convocatoria naquelas materias nas que se encontrara nese caso*".

As miñas preguntas son:

- 1) ¿Legalidade desta iniciativa?
- 2) Se é ilegal, ¿que se vai facer cos alumnos que teñan esgotada a súa 7ª convocatoria no curso anterior?

E unha petición de que non se volva utilizar este método.

-D. **JOSÉ ÁNGEL ÁLVAREZ MOREIRA**.- Volve rogar que na acta se recolla, de xeito breve, o sentido de tódalas respostas que o Sr. Rector contesta no punto de "rogos e preguntas", do mesmo xeito que xa se fai nalgunhas.

Fai as seguintes preguntas sobre matrícula:

1) Cales son os pasos para simultaneidade de estudos xa que en días pasados presentouse un alumno que debeu realiza-los seguintes pasos:

- solicitude de preinscripción e comprobación na lista de admitidos da CIUG;
- adquisición e cumprimento de sobre impersoalizado de matrícula;
- solicitude de certificado de estudos;
- instancia ó rector solicitando simultaneidade de estudos: achega certificado de estudos e 2 copias do DNI;
- presentación de instancia para validacións: achega 1 fotocopia de certificado e 2 do DNI;
- instancia para outras validacións: achega fotocopia de certificado e 2 do DNI; e
- certificado de programas de materias.

Ademais tivo que contar con problemas de prazos:

- certificado de estudos, entregase despois do 15-10-98,
- solicitude de validacións, entregase antes do 15-10-98.

Ademais, solicitude de plan de estudos antigo (estructurado por materias), estructurado por créditos.

2) Por que os sobres de matrícula na Universidade de Vigo están en caixas nos centros, aparecendo estes logo do comezo do prazo de matrícula e conteñen 3 documentos a cumprimentar (4 co de familia numerosa), mentres noutras universidades de Galicia (Universidade de Santiago) os alumnos reciben o sobre no seu domicilio a través de Postal-Express, antes do comezo de matrícula, e so teñen que cumprimentar un documento; ademais da axenda e a completa guía que reciben de case que 200 páxinas.

3) ¿Que deben face-los alumnos ós que lle caduca este curso a tarxeta universitaria?

4) Rexistros auxiliares; informatizacións; rexistros doutras Institucións (baseado no artigo 38 da Lei 30/92).

-D. RUBÉN FRIEIRO BARROS.- Pregunta:

- 1) se se poden amplia-los límites de prazos en materias de libre elección, tendo en conta que moitos estudantes atópanse prexudicados na súa elección por mor da desigual xestión dos sobres de matrícula (*o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo indica que encargará á COAV e ó Servicio de Alumnado que informen sobre o tema*);
- 2) que deportes se poden realizar no Pavillón e cales teñen as instalacións adecuadas; e
- 3) se existe normativa sobre acceso a Internet.

-D. JUAN JANEIRO VILABOA.- Pregunta cantos Departamentos aínda non elaboraron o seu regulamento de réxime interno.

Roga:

- 1) que a Sala de Xuntas da E.T.S. de Telecomunicacións sexa o lugar habitual das Xuntas de Goberno;
- 2) que se potencie a tarxeta de identificación magnética dos estudantes, de tal xeito que dea acceso a tódolos servicios (*o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo di que este tema entrará dentro dos Convenios que se están a tratar coas entidades financeiras*).

-D. ENRIQUE BARREIRO ALONSO.- Roga que funcionen ben as pantallas táctiles que están nos Centros.

Pregunta:

- 1) se vanse pór barreiras de entrada para coches no Campus de Ourense;
- 2) polo mantemento das aulas informáticas nos Campus periféricos;

3) pola sinalización exterior do Campus de Ourense;

4) a que Centro pertencen os profesores que teñen a maior parte da docencia en materias de libre elección do Campus.

-D. FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BERROCAL.- Insiste sobre a pregunta que fixo o profesor Tojo Suárez.

Roga que se informe sobre xefes de área e recorda que se eses cargos teñen exención docente, ten que se aprobada en Xunta de Goberno (*o Sr. Rector di que se responderá na próxima Xunta de Goberno*).

Pregunta cando se definirá o concepto de bolseiros equivalente nos Departamentos (*se tratará na próxima Xunta de Goberno despois de que sexa estudiado pola Comisión de Investigación*).

-D. VÍCTOR M. MARTÍNEZ CACHARRÓN.- Pregunta polas condicións da concesión dos servizos de reprografía; pide que se revisen os casos de prezo abusivo ou mal funcionamento.

Roga que se habiliten armarios en tódolos Centros para os estudantes (*o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo di que se vai preguntar a Centros e Departamentos sobre necesidades cara ó presuposto do 99*).

-D. JOSÉ CIDRÁS PIDRE.- Roga:

- 1) que as Xuntas de Goberno sexan na E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación; e
- 2) que se informatice o Rexistro xeral.

-D. MANUEL J. REIGOSA ROGER.- Tendo en conta a desigual chegada de sobres de matrícula, roga que se amplíen os cupos en materias de libre elección.

Roga que a aplicación informática de informatización de rexistros se estenda ós Centros.

-D. FEDERICO VILAS MARTÍN.- Pregunta polos cambios na LRU.

Roga que se traballe por un mellor funcionamento do Servizo de Publicacións.

-D. EUSEBIO CORBACHO ROSAS.- Roga que se envíe ós Departamentos, a situación de tódalas áreas ou cando menos que se faga accesible en Centros e en Internet.

-D. MANUEL ÁNGEL CANDELAS COLODRÓN.- Pide:

- 1) máis persoal para Administración xa que nesta época están saturados;
- 2) sobre as materias de libre elección, que este tema se trate na COAV xa que este problema está desbordándose; e
- 3) que a Comisión de Docencia teña sesións con antelación de 15 días á Xunta de Goberno.

-D. JESÚS ALFAYA FERNÁNDEZ.- Pide que se recorde ós Departamentos a obriga de poder exceder a dedicación dos profesores un 15% e que o Vicerrector de Profesorado comprobe se se está a levar a cabo.

Di que falta unha persoa pola tarde na Biblioteca da E.U. de Enxeñería Técnica Industrial.

Pregunta:

- 1) sobre as bolsas para xogadores de baloncesto pregunta con que requisitos foron seleccionados;
- 2) que se vai facer no caso de materias que teñan un índice elevado de suspensos;
- 3) sobre a avaliación curricular, pide que se estudie aproveitando a reforma dos planos de estudio;
- 4) o administrador de Centro, ¿vaise pór en marcha? ¿canto vai tardar?

Pide que abran os Servicios administrativos dos Centros polas tardes.

-D. FRANCESCO SAVERIO GUGLIOTA BASTOS.- Pregunta:

- 1) porque para a mesma materia de libre elección pagan distinto os alumnos en función do Centro ó que pertence;
- 2) ¿é legal que un profesor entregue os apuntes por Internet?

Roga:

- 1) que se regule o tráfico de entrada ó Campus de Pontevedra dende Santiago;
- 2) que se poñan luces no Campus;
- 3) que se poña un apeadeiro de Renfe; e
- 4) que se regule o aparcamento da Escola de Forestais.

Tamén di que a Escola de Forestais non ten nome nin bandeira á vista.

-D. ALFONSO LÓPEZ OTERO.- Pregunta polas condicións de ocupación da Escola de Gaitas no Campus de Ourense.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.20 h. do día 23 de outubro de 1998 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e praxe do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo